**RESOLUCIÓN do 27 de agosto de 2025 pola que se amplía o prazo de xustificación da Resolución do 10 de febreiro de 2025 pola que se**

## CONVOCATORIAS

**aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á realización de auditorías de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento AU301C).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 170, 04-09-2025, Páx: 48105)

**Destinatarios:** Consultar a Resolución do 10 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras.

**Obxecto:** Consultar a Resolución do 10 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras.

**Convoca:** Augas de Galicia

**Prazo:** Consultar a Resolución do 10 de febreiro de 2025.

**RESOLUCIÓN do 30 de agosto de 2025 pola que se amplía o prazo de xustificación da Resolución do 11 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a mellora das instalacións das comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento AU232A).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 174, 10-09-2025, Páx: 48966)

**Destinatarios:** Consultar a Resolución do 11 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras, publicada no Diario Oficial de Galicia o 24 de febreiro de 2025.

**Obxecto:** Consultar a Resolución do 11 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras, publicada no Diario Oficial de Galicia o 24 de febreiro de 2025.

**Convoca:** Augas de Galicia

**Prazo:** Consultar a Resolución do 11 de febreiro de 2025

**RESOLUCIÓN do 3 de setembro de 2025 pola que se amplía o prazo de xustificación da Resolución do 11 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á realización de auditorías das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento AU301D).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 174, 10-09-2025, Páx: 48968)

**Destinatarios:** Consultar a Resolución do 11 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras, publicada o 24 de febreiro de 2025 no Diario Oficial de Galicia.

**Obxecto:** Consultar a Resolución do 11 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras, publicada o 24 de febreiro de 2025 no Diario Oficial de Galicia.

**Convoca:** Augas de Galicia

**Prazo:** Consultar a Resolución do 11 de febreiro de 2025

## CONVOCATORIAS

**DECRETO 76/2025, do 29 de agosto de 2025, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025.** (Diario Oficial de Galicia, Num: 166, 30-08-2025, Páx: 47365)

**Destinatarios:** Consultar Artigo 5. Beneficiarios

**Obxecto:** As axudas previstas neste decreto aplicaranse á reparación dos danos orixinados polos incendios acontecidos durante o verán de 2025 no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos e nas contías máximas que se establezan nel, así como nas correspondentes convocatorias de axudas ou resolucións de concesión directa que o apliquen.

**Convoca:** Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

**Prazo:** Determinaranse nas disposicións que se diten en aplicación deste decreto.

**DECRETO 79/2025, do 29 de setembro, polo que se modifica o Decreto 76/2025, do 29 de agosto de 2025, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025.** (Diario Oficial de Galicia, Num: 188, 30-09-2025, Páx: 51438)

**Destinatarios:** Consultar o Decreto 76/2025, de 29 de agosto de 2025

**Obxecto:** Consultar o Decreto 76/2025, de 29 de agosto de 2025

**Convoca:** Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

**Prazo:** Disposición adicional quinta. Ampliación dos prazos de presentación de solicitudes

**ORDE do 29 de agosto de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas a persoas que sufrisen danos persoais como consecuencia dos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025 (código de procedemento FA100A).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 166, 30-08-2025, Páx: 47432)

**Destinatarios:** Consultar Artigo 3. Persoas beneficiarias

**Obxecto:** 1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras, así como proceder á convocatoria, das axudas polos danos persoais causados polos incendios que se produciron en Galicia no verán de 2025 (código de procedemento administrativo FA100A) e que se relacionan a seguir:

- a) Falecemento.
- b) Incapacidade permanente absoluta.
- c) Lesións que motiven a hospitalización da persoa ferida.

2. O ámbito territorial das axudas será o da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Decreto 76/2025, do 29 de agosto, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025.

**Convoca:** Consellería de Facenda e Administración Pública

**Prazo:** Amplíase ata o 30 de outubro de 2025, polo Decreto 79/2025.

## CONVOCATORIAS

**RESOLUCIÓN do 29 de agosto de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión das axudas destinadas a sufragar os danos sufridos en establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís derivados dos incendios forestais que afectaron Galicia durante o verán de 2025, e se efectúa a súa convocatoria (código de procedemento IG100A).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 166, 30-08-2025, Páx: 47512)

**Destinatarios:** 1. Serán beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas titulares dos establecementos comerciais, mercantís, industriais e turísticos en que se producen os danos derivados dos incendios ou da súa extinción.

2. De conformidade co disposto no Decreto 76/2025, do 29 de agosto, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025, as persoas beneficiarias das axudas están exentas do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Obxecto:** Estas bases teñen por obxecto regular a xestión do procedemento para a concesión das axudas para sufragar os danos sufridos en establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís derivados dos incendios que se produciron en Galicia durante o verán de 2025.

**Convoca:** Instituto Galego de Promoción Económica

**Prazo:** Amplíase ata o 30 de outubro de 2025, polo Decreto 79/2025.

**ORDE do 29 de agosto de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas por danos nas explotacións forestais, agrícolas ou gandeiras para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025, e se convocan para o ano 2025 (códigos de procedemento MR616A e MR616C).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 166, 30-08-2025, Páx: 47452)

**Destinatarios:** De conformidade co establecido no artigo 3.3 do Decreto 76/2025, do 29 de agosto, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025, e tendo en conta a natureza destas axudas, que se conceden por razón da existencia dunha emerxencia excepcional e por razóns de interese público, social e humanitario, exceptúanse as persoas beneficiarias das axudas do cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 10 e 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Obxecto:** Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria das axudas previstas polo Decreto 76/2025, do 29 de agosto, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025., para a reposición de explotacións forestais, agrícolas ou gandeiras danadas, cos seguintes códigos de procedemento administrativo:

- MR616C: axudas para a reposición de explotacións forestais afectadas polos incendios forestais.

- MR616A: axudas para a reposición de explotacións agrícolas e gandeiras afectadas polos incendios forestais.

## CONVOCATORIAS

**Convoca:** Consellería de Medio Rural

**Prazo:** Amplíase ata o 30 de outubro de 2025, polo Decreto 79/2025.

**ORDE do 26 de agosto de 2025 pola que se modifica a Orde do 26 de novembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento MT809D).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 168, 02-09-2025, Páx: 47721)

**Destinatarios:** Consultar a Orde do 26 de novembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas.

**Obxecto:** Consultar a Orde do 26 de novembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas.

**Convoca:** Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

**Prazo:** Consultar a Orde do 26 de novembro de 2024.

**RESOLUCIÓN do 2 de setembro de 2025 pola que se amplía o prazo establecido no artigo 28 da Resolución do 7 de marzo de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica, para o ano 2024, susceptibles de cofinanciamento pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento IN421S).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 173, 09-09-2025, Páx: 48792)

**Destinatarios:** Consultar a Resolución do 7 de marzo de 2024, DOG núm. 56, do 19 de marzo, bases reguladoras.

**Obxecto:** Consultar a Resolución do 7 de marzo de 2024, DOG núm. 56, do 19 de marzo, bases reguladoras.

**Convoca:** Axencia Instituto Enerxético de Galicia

**Prazo:** Consultar a Resolución do 7 de marzo de 2024

**RESOLUCIÓN do 27 de agosto de 2025 pola que se amplía o crédito previsto na Resolución do 28 de marzo de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a execución de actuacións para minimizar as perdas de auga en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 con carácter plurianual (código de procedemento AU301E).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 172, 08-09-2025, Páx: 48646)

**Destinatarios:** Consultar a Resolución do 28 de marzo de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras, publicada o 11.4.2025 no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 71, do 11 de abril).

## CONVOCATORIAS

**Obxecto:** Consultar a Resolución do 28 de marzo de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras, publicada o 11.4.2025 no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 71, do 11 de abril).

**Convoca:** Augas de Galicia

**Prazo:** Consultar a Resolución do 28 de marzo de 2025

Unión europea

### **Proxecto LIFE BIODIV'FRANCE (Num: 1, 02-09-2025, Páx: 1)**

**Destinatarios:**

- Entidades locais
- Profesionais
- Cidadáns
- Empresas
- Escolas e profesores.

**Obxecto:** O proxecto LIFE BIODIV'FRANCE ten como obxectivo acompañar a implementación da estratexia nacional para a biodiversidade, mediante a enxeñería de proxectos e a achega de coñecementos especializados. Desenvolverase durante un período de nove anos, do 1 de xaneiro de 2024 ao 31 de decembro de 2032.

Asignáronse cinco obxectivos temáticos ao proxecto:

- apoio aos territorios.
- reforzo da eficacia das áreas protexidas.
- acompañamento dos sectores.
- mobilización dos cidadáns.
- desenvolvemento de competencias.

**Convoca:** Oficina Francesa de Biodiversidade

**Prazo:** Convocatoria aberta ata o 30 de outubro.

### **EMPREGO PÚBLICO**

Local

### **Convocatoria do proceso selectivo de peón/oa forestal como funcionario/a interino/a por programa. Reforzo do emprego 2025 - Concello de Muras (BOP Lugo, Num: 222, 26-09-2025, Páx: 8)**

**Destinatarios:** Consultar as bases publicadas na sede electrónica do Concello de Muras: <https://muras.sedelectronica.gal>

**Obxecto:** Aprobar as bases e convocatoria do proceso selectivo para selección de funcionario/a interino/a por programa: peón forestal con cargo ao proxecto reforzo do emprego Plan Único 2025.

**Convoca:** Concello de Muras

**Prazo:** 5 días hábiles contados dende o seguinte a publicación do anuncio no BOP.

Unión europea

### **Oficial de Comunicacións na Unidade de Apoio Técnico do Grupo de Traballo I do IPCC (Num: 1, Páx: 1)**

## CONVOCATORIAS

**Destinatarios:** Buscamos a unha persoa altamente motivada para unirse a un equipo que abarca diversas áreas de especialización, como as ciencias do clima (observacións, procesos climáticos, modelización climática global e rexional), o deseño visual e a comunicación, o desenvolvemento e a xestión de información dixital, e a xestión de proxectos internacionais

**Obxecto:** A TSU traballa na interface única do IPCC entre a ciencia e a política, proporcionando coñecemento e información climática relevante para as necesidades políticas e a toma de decisións. O equipo é responsable de facilitar e implementar o proceso de avaliación realizado polos equipos de autores e supervisado pola Oficina do WGI.

**Convoca:** Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (IPCC)

### PREMIOS

#### Galicia

#### **VII Edición Premios Medio Ambiente Aproema 2025 (Num: 1, Páx: 1)**

**Destinatarios:** Poderán optar aos Premios «Medio Ambiente Aproema» entidades públicas (Concellos, Deputacións, Mancomunidades), entidades privadas (Asociacións: empresariais, Consumidores, Veciños, Mocidade, Benestar Social, Culturais, Educativas, Deportes, Mulleres, etc..), Empresas (Prestadoras de servizos, Enxeñerías, Consultorías Ambientais, Xestores de Residuos, Fabricantes de Bens de Equipo e Instalacións, etc..) e Centros Académicos (Universitarios, Secundaria, Graos Medios e Superiores de FP e Educación Primaria), cuxa actividade en favor do medio ambiente desenvólvese total ou parcialmente nesta Comunidade Autónoma de Galicia e que destacasen pola súa traxectoria ou por un proxecto ou actividade concreta de suficiente entidade en defensa dos valores ambientais e naturais na contorna física, cultural e socioeconómico de Galicia.

**Obxecto:** O obxectivo é destacar as accións individuais e/o colectivas, tanto públicas como privadas, en favor do medio ambiente, coa intención de impulsar a conciencia ambiental e fomentar as actividades na mellora do medio ambiente, mediante o recoñecemento público a un labor meritorio realizado nesta materia na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Convoca:** APROEMA, Asociación Profesional de Empresas Medioambientais

**Prazo:** Ata o 15/10/2025

## ACTIVIDADES

## CAMPAÑAS

Estatal

**Sostibilidade para impulsar a competitividade empresarial**

**Contido:** A maior cita anual coa Axenda 2030 celébrase en Zaragoza. Ven a pescudar como a sustentabilidade é clave para a competitividade empresarial. Presentaremos «ODS Ano 10: A sostibilidade en tempos de incerteza». Ademais, realizaremos o lanzamento co Goberno de Aragón dun acordo relevante para as empresas da rexión.

**Lugar:** Zaragoza

**Organizador:** Pacto Mundial da ONU España e o Goberno de Aragón

**Inscripción:** Cubrir formulario

**Data de inicio:** 02-10-2025

**Data de fin:** 02-10-2025

## CONGRESOS

Galicia

**Congreso Concellos 2030**

**Contido:** O CICLO DA AUGA

Cómo garantir unha xestión eficiente, sostible e resiliente da auga? Este eixo pon o foco nas infraestruturas, control do consumo, reutilización, prevención da seca e a calidade da auga. Veremos exemplos de concellos que están a modernizar os seus sistemas e a anticiparse aos desafíos climáticos.

XESTIÓN DE RESIDUOS

A economía circular é xa unha realidade. Nesta liña analizamos como están a actuar os concellos na recollida selectiva, compostaxe, implantación de novas taxas, educación ambiental e innovación na reciclaxe. Iniciativas que implican á cidadanía e melloran a eficiencia na xestión pública.

MOBILIDADE URBANA

Menos emisións, máis espazo para as persoas. Este eixo céntrase en modelos de mobilidade máis sostibles e inclusivos: transporte público eficiente, mobilidade activa, accesibilidade, zonas peonís, ou aparcadoiros disuasorios. Propostas que fan os centros urbanos máis habitables.

**Lugar:** Museo Verbum, Vigo

**Organizador:** Siháho Consulting

**Data de inicio:** 02-10-2025

**Data de fin:** 03-10-2025

Internacional

**IUCN World Conservation Congress**

**Contido:** Celebrado cada catro anos, o Congreso da UICN é o evento de conservación máis grande do mundo e céntrase nos desafíos ambientais e de desenvolvemento máis urxentes do

## ACTIVIDADES

mundo, así como nas accións para abordalos. O Congreso reunirá as organizacións gobernamentais, da sociedade civil e dos pobos indíxenas membros da UICN.

**Lugar:** Abu Dhabi, United Arab Emirates

**Organizador:** IUCN

**Data de inicio:** 09-10-2025

**Data de fin:** 15-10-2025

## CURSOS

Galicia

### **Curso Online Avanzado de Interpretación do Patrimonio: Diseño de Visitas Guiadas Interpretativas**

**Contido:** Adquirir os coñecementos, destrezas e actitudes necesarias para que exista unha comunicación temática, organizada, relevante e amena co público que visita os espazos con valor patrimonial no seu tempo de ocio, fomentando neles o desenvolvemento de actitudes de aprecio e custodia polo patrimonio presentado.

**Lugar:** Online

**Organizador:** CEIDA

**Data de inicio:** 21-10-2025

**Data de fin:** 23-11-2025

Estatal

### **Escola de áreas protexidas - Mellorar a capacitación de profesionais dos espazos protexidos**

**Contido:** --Cursos para persoas traballadoras en activo:

-Planificación e xestión de áreas mariñas protexidas. Seminario avanzado de actualización (do 27 de outubro ao 30 de novembro). Formación gratuíta para persoas traballadoras en activo residentes en Galicia, Asturias, Cantabria, La Rioja, Castilla y León, C. Valenciana, Baeleares, R. Murcia e Canarias.

--Cursos para persoas desempregadas:

-Introdución á xestión de áreas protexidas. Oportunidades de emprego (do 20 de outubro ao 7 de decembro). Formación gratuíta para persoas desempregadas residentes en España.

-Introdución á xestión de áreas mariñas protexidas. Oportunidades de emprego (do 20 de outubro ao 7 de decembro). Formación gratuíta para persoas desempregadas residentes en Andalucía, Castilla-La Mancha, Extremadura, Ceuta e Melilla.

**Lugar:** Online

**Organizador:** Fundación Fernando González Bernáldez e EUROPARC-España

**Inscripción:** Inscripción ata o 10 de outubro

**Data de inicio:** 20-10-2025

**Data de fin:** 07-12-2025

## ACTIVIDADES

**Máster en espacios naturales protexidos 2026**

**Contido:** • Unha reflexión en profundidade acerca da conservación da natureza e a xestión ambiental no contexto das políticas sectoriais e as estratexias nacionais e internacionais.

• Unha análise crítica do papel dos espazos protexidos no marco do cambio global e das relacións entre ecosistemas e sustentabilidade.

• Instrumentos de planificación, manexo e avaliación para intervir positivamente na conservación dos espazos naturais.

• Ferramentas concretas de análises e intervención para apoiar a contribución dos espazos protexidos ao benestar humano.

**Lugar:** Online

**Organizador:** UAM, UCM, UAH co aval de EUROPARC-España

**Inscripción:** Antes do 31 de outubro

**Curso para a empregabilidade «Dixitalización de redes eléctricas»**

**Contido:** Dirixido preferentemente a docentes e alumnado de FP que queiran reforzar coñecementos, así como profesionais do sector que necesiten actualización e/o reciclaxe, pertencentes aos territorios dos proxectos de Repotenciación de parques eólicos na provincia de Coruña. Esta formación está financiada pola Unión Europea - NextGenerationEU.

**Organizador:** Fundación Naturgy e Naturgy Renovables

**Data de inicio:** 06-10-2025

**Data de fin:** 14-11-2025

**FEIRAS**

Internacional

**Pollutec Lyon**

**Contido:** Pollutec é a cita ineludible para todos aqueles comprometidos co medio ambiente. Durante 45 anos, a feira reuniu as solucións máis innovadoras para acelerar a transición ecolóxica e desenvolver novos mercados. O programa inclúe 11 sectores de especialización, conferencias inspiradoras e numerosas oportunidades de encontro para construír xuntos un mundo sostible.

**Lugar:** Lyon

**Organizador:** Pollutec

**Data de inicio:** 07-10-2025

**Data de fin:** 10-10-2025

**SEMINARIOS**

Estatal

**Webinario CDTI Horizonte Europa Agrupación industrial 5 Enerxía. Convocatorias 'Wave and Tidal energy systems'**

## ACTIVIDADES

**Contido:** Webinar en liña dirixido a preparar ás entidades españolas para o único topic na área de Enerxías Oceánicas - Wave e Tidal - (HORIZON-CL5-2027-02-D3-10: Innovative technologies and solutions to improve wave and tidal energy systems) do Programa de Traballo 2026-2027 da Agrupación industrial 5 Enerxía de Horizonte Europa, cuxa publicación oficial espera para decembro 2025.

**Lugar:** En liña

**Organizador:** CDTI

**Data de inicio:** 22-10-2025

**Data de fin:** 22-10-2025

### Unión europea

#### **Reunión de networking: Abordaxe das emisións de amoníaco na agricultura segundo a Directiva revisada sobre emisións industriais (IED 2.0)**

**Contido:** O seminario web terá lugar o 28 de outubro de 2025 e analizará os retos e as oportunidades que expón a directiva revisada para a redución das emisións de amoníaco na agricultura da UE.

**Lugar:** En liña

**Organizador:** European Commission

**Data de inicio:** 28-10-2025

**Data de fin:** 28-10-2025

#### **Climate Action Webinars at the British Library**

**Contido:** Unha serie de seminarios web centrados nas bibliotecas e a emerxencia climática. Escoitaremos a líderes bibliotecarios internacionais falar sobre o seu traballo para adaptarse ao cambio climático e inspirar accións climáticas positivas.

**Lugar:** Online

**Organizador:** British Library

**Data de inicio:** 31-10-2025

**Data de fin:** 26-02-2026

## XORNADAS

### Galicia

#### **A Avaliación Ambiental hoxe: retos e perspectivas**

**Contido:**

- Analizar os retos actuais da avaliación ambiental no marco normativo e institucional.
- Debater sobre a súa aplicación práctica en ámbitos clave como as enerxías renovables, a Rede Natura 2000, o medio mariño e as medidas compensatorias.
- Compartir coñecemento especializado a través de achegas de profesorado universitario, persoal técnico da administración e expertos de referencia.
- Favorecer o intercambio de experiencias entre profesionais e investigadores, fomentando unha visión crítica e construtiva sobre os procedementos de avaliación ambiental.

## ACTIVIDADES

-Contribuír á mellora das políticas públicas e á protección do medio natural mediante reflexións conxuntas e propostas innovadoras.

**Lugar:** Castelo de Santa Cruz (Oleiros)

**Organizador:** Grupo de Investigación de Dereito Público Global, Facultade de Dereito, Universidade da Coruña.

**Data de inicio:** 09-10-2025

**Data de fin:** 09-10-2025

Estatal

### **Xornada informativa sobre axudas CDTI-FEMPA para os sectores da pesca e a acuicultura**

**Contido:** Xornada informativa sobre os instrumentos do CDTI dirixidos especificamente aos sectores da pesca e a acuicultura, cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) para o período 2021-2027.

As axudas van dirixidas aos seguintes proxectos empresariais: innovación no sector pesqueiro, innovación en acuicultura, investimentos produtivos en acuicultura e investimentos en comercialización e transformación dos produtos da pesca e a acuicultura.

**Lugar:** MADRID

**Organizador:** CDTI

**Data de inicio:** 17-10-2025

**Data de fin:** 17-10-2025

## OUTRAS ACTIVIDADES

Galicia 

### **Nova edición do Club de Lecturas Verdes CLOROFILA**

**Contido:** Este club pretende dar a coñecer obras de temática ambiental para explorar o mundo que nos rodea, creando un espazo para o diálogo e o intercambio de ideas, unha chamada á acción a través da lectura.

Esta nova edición comezará coa novela Cordilleira, da escritora e poeta Marta do Riego (Editorial AdN), e a primeira reunión terá lugar o mércores 15 de outubro ás 19 horas nas antigas cortes do Pazo de Lóngora.

Os faladoiros terán lugar unha vez ao mes (mércores) desde outubro do 2025 a xuño de 2026, e a inscrición realizarase para toda a tempada, tendo en conta que a asistencia é IMPRESCINDIBLE para sacar o máximo proveito ao club.

CLOROFILA forma parte do club de lecturas verdes da Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental (RECIDA), por iso a maior parte dos títulos están escritos en español. Con todo, tamén trataremos obras en galego.

**Lugar:** Antigas cortes do Pazo de Lóngora

**Organizador:** CEIDA

**Inscrición:** Prazas limitadas. Previa inscrición nun formulario

**Data de inicio:** 15-10-2025

**Data de fin:** 15-10-2025

## ACTIVIDADES

**Atlantic Green Hub: Empowering Clean and Competitive Industry**

**Contido:** Punto de encontro para acelerar a transición ecolóxica da industria e o resto de sectores económicos. Un espazo onde as empresas atoparán solucións, alianzas e inspiración para integrar a sustentabilidade na súa estratexia empresarial e reforzar a súa posición nunha contorna cada vez máis esixente.

**Lugar:** Cidade da Cultura de Santiago de Compostela

**Organizador:** Aclima e Viratec

**Data de inicio:** 23-10-2025

**Data de fin:** 24-10-2025

**Conversas de 10 | Proxecto IndusSym Coruña: Simbiose industrial na Área Empresarial do Tambre**

**Contido:** Nova sesión do programa de Conversas de 10, na que se falará das oportunidades que ofrece a simbiose industrial como ferramenta clave da economía circular e se explicará o proxecto IndusSym Coruña.

**Lugar:** Biopolo Sionlla, en Santiago de Compostela

**Organizador:** Viratec

**Inscripción:** Cubrir formulario

**Data de inicio:** 10-10-2025

**Data de fin:** 10-10-2025

## Unión europea

**Reunión da Plataforma LIFE "Proxectos Estratéxicos Integrados LIFE que implementan as prácticas dos Plans de Xestión de Concas Hidrográficas (con énfases na resiliencia hídrica)"**

**Contido:** O evento será coordinado por CINEA e contará co apoio dun equipo especializado de ELMEN. A Reunión da Plataforma brindará a oportunidade de debater os desafíos que afrontan na implementación dos seus proxectos e permitirá debater sobre as solucións políticas e técnicas pertinentes.

**Lugar:** Bruselas

**Organizador:** CINEA

**Data de inicio:** 14-10-2025

**Data de fin:** 14-10-2025

**O Festival da Nova Bauhaus Europea**

**Contido:** O Festival NEB 2026 abordará, entre outros temas, o poder transformador da participación democrática para construír comunidades máis inclusivas e sostibles. Destacará como os cidadáns e as autoridades locais empoderados poden desempeñar un papel activo na creación das súas contornas, con especial énfase na vivenda alcanzable como pedra angular da participación democrática. En consonancia coa visión central do NEB, o Festival será un espazo para reimaxinar a nosa contorna construída, priorizando a vida, daquela os espazos e finalmente

## ACTIVIDADES

os edificios.

**Lugar:** Bruselas (Bélgica)

**Organizador:** Comisión Europea

**Inscripción:** Solicita a túa participación ata o 15 de outubro de 2025

**Data de inicio:** 09-06-2026

**Data de fin:** 13-06-2026

### **EUROPARC Conference 2025**

**Contido:** O Servizo Estatal de Áreas Protexidas de Lituania organiza a conferencia, que nesta ocasión vai poñer o foco nos retos da restauración da natureza en Europa, no marco da Lei de Restauración da Natureza da Unión Europea. O lema da conferencia "Natureza para as persoas, persoas para a natureza" subliña a vital conexión entre a natureza e as persoas.

**Lugar:** Lituania

**Organizador:** EUROPARC-Federation

**Data de inicio:** 07-10-2025

**Data de fin:** 10-10-2025

### **Lugares sostibles 2025**

**Contido:** Sustainable Places 2025 celebrarase principalmente de forma presencial, con participación tamén en liña. Este ano, o evento terá lugar en Milán, unha cidade recoñecida pola súa sustentabilidade, deseño, arquitectura, negocios e calidade de vida.

**Lugar:** Milan

**Organizador:** Sustainable Places

**Data de inicio:** 08-10-2025

**Data de fin:** 10-10-2025

### **Día da Educación para o Clima 2025, " Aprender a Prepararse "**

**Contido:** Este ano, convidámoslles a centrarse en como as institucións educativas formais e informais, as plataformas de aprendizaxe dixital e as iniciativas comunitarias poden dotarnos das habilidades necesarias para construír unha sociedade preparada para o cambio climático. Prestarase especial atención á Estratexia da Unión Europea para a Preparación , explorando como os seus principios poden orientar e inspirar os enfoques educativos en toda Europa ante o cambio climático.

**Lugar:** En liña

**Organizador:** Comisión Europea

**Data de inicio:** 23-10-2025

**Data de fin:** 23-10-2025

Internacional

### **Building Green Copenhagen 2025**

### ACTIVIDADES

**Contido:** Baixo o lema deste ano, "Escalando para o suficiente", Building Green Copenhagen explorará enfoques alternativos para a construción de vivendas e infraestrutura que se centren en satisfacer as necesidades humanas sen consumir recursos en exceso. Estes enfoques sostibles manteñen unha visión a longo prazo e buscan xerar un impacto significativo ante a urxente crise climática.

Ao longo de dous días completos, o evento acollerá a máis de 180 relatores internacionais e nacionais que compartirán as súas perspectivas e experiencias mediante relatorios, debates e discusións. O enfoque non será só teórico: presentaranse máis de 200 solucións prácticas a máis de 10.000 profesionais de toda a cadea de valor da Arquitectura, a Enxeñería e a Construción (AEC).

**Lugar:** Copenhague

**Organizador:** Building Green

**Data de inicio:** 29-10-2025

**Data de fin:** 30-10-2025



## BIBLIOGRAFÍA

### MONOGRAFÍAS

**Análise de estratexias rexionais de economía circular - CONAMA**

**Guía para unha dieta climática - Amigas da Terra**

**Recomendacións para a transposición da Directiva de Tratamento de Augas Residuais Urbanas (TARU) - CONAMA**

**Europe's environment 2025 - European Environment Agency**

### RECURSOS ELECTRÓNICOS

**O fallo histórico da CIJ - Corte Internacional de Xustiza e o futuro dos litixios climáticos relacionados coa saúde. IISD**

**Web do proxecto LIFE Custodia**

**Boletín de novidades bibliográficas xullo-agosto 2025 da Biblioteca do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible**

**Revista Life eCOadapt50 . Life eCOadapt50, xuño 2025**

**Memoria anual de actividades da Federación EUROPARC 2024**

**A calidade do aire no Estado español durante 2024 - Ecologistas en acción**

BOLETÍN DE  NFORMACIÓN AMBIENTAL



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
MEDIO AMBIENTE E  
CAMBIO CLIMÁTICO